

ESCOLAS DE FAMILIA: MÁIS QUE UN TEITO

CURSO	ESCOLAS DE FAMILIA: MÁIS QUE UN TEITO
<p>OBXECTIVOS</p>	<p>A finalidade do curso é a de promover unha maior implicación dos pais, nais e titores legais, como axentes de saúde e fomentar a adquisición das competencias necesarias para que poidan desenvolver esta importante función de forma axeitada.</p> <p>Entre os obxectivos do curso inclúense:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación dos pais, nais ou titores que reciben a intervención. • Promover e reforzar os factores de protección familiar, ao tempo que se pretende reducir o impacto dos factores de risco relacionados con este ámbito. • Mellorar a calidade da información sobre sustancias, novas tecnoloxías e outras condutas de risco da que dispoñen os pais, nais e titores. • Mellorar a habilidade dos participantes para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar. • Mellorar as actitudes educativas e preventivas dos pais.
<p>DESTINATARIOS/AS</p>	<p>A poboación destinataria do curso son pais, nais ou titores legais con fillos en idade escolar.</p>

<p>METODOLOXÍA</p>	<p>O curso desenvólvese en formato de obradoiros presenciais dunha hora e media de duración e con periodicidade semanal ou quincenal cos pais/nais e titores legais que se adscriban segundo a idade dos seus fillos/as. Os obradoiros son impartidos por psicólogos/os e educadores/as sociais que utilizan un método de ensino pedagóxico activo e dinámico tratando de aunar os sistemas clásicos de comunicación baseada na dinámica de grupos e no fomento da participación dos asistentes. Nas sesións utilízanse actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas entre os/as participantes. Tamén se distribúe material de apoio.</p>
<p>CONTIDOS</p>	<p>Entre os contidos do curso atopamos, entre outros: os modelos de familia, normas e límites, disciplina positiva, habilidades comunicativas e de xestión familiar, premios e castigos, comunicación familiar, estilos educativos e influencia, resolución de conflitos, uso e abuso de sustancias, uso responsable das novas tecnoloxías, hábitos saudables, promoción da autonomía e a responsabilidade dos fillos e fillas, educación afectivo-sexual, etc.</p>
<p>LUGAR DE CELEBRACIÓN</p>	<p>Centros Sociais, Casa da Xuventude de Carballo e Centros Educativos</p>



ASOCIACIÓN VIEIRO

DURACIÓN	Dende o mes de Outubro ata o mes de Maio con sesións semanais ou quincenais de unha hora e media de duración.
-----------------	---